

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE MARÍN PARA EQUIPAMENTO DE NOVO AUDITORIO MUNICIPAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Marín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Marín para dotar de equipamento técnico e escénico necesario para que o futuro Auditorio de Galicia poida albergar propostas escénicas de alta calidade, profesionais e homologables ás ofertadas pola rede B de Teatros de Galicia, dependente da AGADIC, e pasar así a formar parte de dita rede.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actividade. Trátase da posta en marcha dunha infraestrutura cultural que é necesario dotala de equipamento. Concretamente, trátase de dotar de equipamento técnico e escénico necesario para que o futuro Auditorio de Galicia poida albergar propostas escénicas de alta calidade, profesionais e homologables ás ofertadas pola rede B de Teatros de Galicia, dependente da AGADIC, e pasar así a formar parte de dita rede.

A Rede Galega de Teatros e Auditorios consolidouse como o principal circuío para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional, á que dota de estabilidade na súa programación habitual. A Xunta de Galicia cofinancia esta rede cos concellos e entidades xestoras dos espazos asociados. O seu calendario de funcións estrutúrase en períodos semestrais de programación, nos que teñen cabida todas as artes escénicas e musicais, con especial protagonismo do teatro e das compañías galegas.

Por todo o anterior, o concello de Marín é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda





concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

